

SE NON SOBEN OS SALARIOS AUMENTARÁ O NIVEL DE POBREZA DAS PERSOAS

Redacción.- Os datos de IPC do mes de agosto, publicados esta semana polo INE, sitúan a taxa anual en 10,5%, unha décima máis da avanzada polo indicador adiantado. Con esta cifra, son xa tres meses consecutivos encadeando subidas de dous díxitos no índice xeral de prezos, e o que é peor, consolidándose na taxa subxacente, a máis estrutural, que reflicte que non está a ser atacada a fonte que orixina as tensións.

Para UGT, a situación é clara. As empresas continúan mantendo e mesmo elevando as súas marxes de beneficio, trasladando o aumento de custos enerxéticos derivado da guerra en Ucraína ao prezo final dos seus produtos, encarecéndose especialmente alimentos e outros produtos de primeira necesidade que son indispensables na cesta da compra. Con todo, os salarios non se están elevando coa mesma intensidade (só un 2,6% ata agosto), debilitando en consecuencia o poder adquisitivo das familias e convertendo unha vez máis ás persoas traballadoras nas principais vítimas da preocupante situación actual.

Por iso, o sindicato reclama un cambio urxente de políticas. A subida de tipos de interese confirmada polo BCE é, sen dúbida, unha mala estratexia para conter o incremento dos prezos, pois non afecta á orixe dos problemas, mentres que vai ter negativas repercusións tanto a nivel económico como social, ao encarecer o custo das hipotecas e restrinxir aínda máis a dispoñibilidade de recursos por parte dos fogares e moitas pequenas empresas. Sobre todo, se temos en conta que o motor do crecemento é o consumo privado e a demanda interna, polo que estrangular o orzamento das familias acabará afectando ao dinamismo da actividade económica, podendo levar á economía española e europea á recesión, con todas as consecuencias que iso implica.

Neste contexto, inmersos nunha guerra que seguirá presionando á alza



o prezo da enerxía, a solución pasa por tres actuacións: o incremento dos salarios da poboación traballadora, para o que é necesario asinar un novo AENC que fixe subidas salariais acordes á situación actual e reparta de maneira xusta os custos da inflación; o reforzo do escudo social, cunha liña de crédito que actúe como fondo de protección e axude aos fogares máis empobrecidos polo encarecemento das hipotecas, evitando con iso a posible emerxencia social que pode derivarse da súa falta de pagamentos; e a aposta por políticas que realmente incidan sobre o aínda moi elevado prezo dos produtos enerxéticos, aumentando a competencia e reducindo beneficios extraordinarios.

Desta forma, UGT considera fundamental adoptar medidas que moderen o desorbitado prezo ao que están a chegar moitos produtos de primeira necesidade, como xa se fixo no pasado con outros sanitarios como as máscaras ou os test de antíxenos, ou máis recentemente co propio prezo do gas. Por iso, o sindicato aprema ao Goberno para adoptar con celeridade as medidas oportunas para lograr uns prezos socialmente xustos para os alimentos e outros bens e servizos básicos, de maneira que se evite que a especulación duns poucos privilexiados antepoñase á saúde e á vida da maioría das persoas traballadoras.

Datos de interese

A taxa interanual do IPC alcanzou en agosto o 10,5%, acumulando xa tres meses de incrementos por encima do dez por cento. Este mes, con todo, intérrómese a tendencia alcista cun lixeiro retroceso de tres décimas con respecto á taxa de xullo. A pesar diso, a inflación media no que vai de ano sitúase xa no 9%, moi por encima da variación salarial pactada ata agosto (2,6%).

Ademais, a taxa subxacente, que exclúe os alimentos non elaborados e os produtos enerxéticos e mostra o compoñente máis estrutural da inflación, continúa aumentando ata rexistrar en agosto o 6,4%, o valor máis alto desde xaneiro de 1993.

Así, o INE destaca o comportamento alcista dos prezos da electricidade e do grupo de alimentos e bebidas non alcohólicas, que rexistra a taxa máis alta desde o comezo da serie en xaneiro de 1994, incrementándose especialmente o prezo de produtos tan necesarios na cesta da compra como o leite, o queixo, os ovos, a carne, o pan ou os cereais. Pola súa banda, a moderación rexistrada pola taxa este mes débese ao descenso mostrado polo prezo dos carburantes e lubricantes, que diminúen en comparación ao aumento rexistrado no mesmo mes de 2021.

A RAÍZ DUNHA DENUNCIA PRESENTADA POR UGT, NOVO GOLPE A AMAZON POR TER AOS SEUS TRABALLADORES NO RÉXIME DE AUTÓNOMOS

Redacción.- Inspección de Trabajo de Vigo resolve a favor do sindicato tras a incoación dunha denuncia de FeSMC-UGT en Vigo contra AMAZON por usar a particulares para as súas reparticións de AMAZON FLEX.

Desde que AMAZON se instalou no Porriño, foron varias as denuncias expostas polo sector de estradas, urbanos e loxística de FeSMC UGT Pontevedra, que entendeu que incumpre de forma manifesta a lexislación laboral vixente no noso país.

A multinacional do envío a domicilio creara este novo sistema polo cal ofrecía aos particulares a posibilidade de aumentar os seus ingresos mediante a repartición dos paquetes empregando os seus vehículos particulares. Desde UGT denunciaron que esa idea non se axustaba á legalidade e que a relación entre estas persoas e AMAZON era “unha clara relación laboral”.

Por mor da denuncia de UGT, AMAZON paralizou o sistema AMAZON FLEX, quizais sospeitando que as súas pretensións de saltarse as normas poderían traerlle consecuencias tras a denuncia de UGT. Pois ben, agora a Inspección de Trabajo de Vigo resolve a través dunha actuación moi ampla e rigorosa que eses “particulares” eran persoas traballadoras,



e, polo tanto, AMAZON debe abonar as cotizacións dos mesmos no Réxime Xeral da Seguridade Social.

80 persoas afectadas e 32 entrevistadas conclúen, segundo as dilixencias realizadas pola Inspección de traballo, que non hai dúbida de que “a relación era laboral e non mercantil”.

A día de hoxe xa se ordenou desde o organismo de Inspección que se curse a

alta retroactiva dos traballadores no réxime xeral da Seguridade Social.

Desde o sector de Estradas, Urbanos e Loxística de FeSMC UGT valoramos que AMAZON se vexa obrigado a cumprir a normativa laboral deste país, que se recoñeza a relación laboral dos afectados e que con estas actuacións se poña freo a quen pretende impoñer na nosa sociedade un modelo de relacións laborais precario, abusivo e sen dereitos.

DENUNCIA PÚBLICA DA SITUACIÓN DAS TRABALLADORAS E TRABALLADORES DE HIPERXEL POR IRREGULARIDADES NOS PAGOS

Redacción.- Desde o Comité de empresa de XELDIST denuncian a situación que está a padecer desde hai meses o persoal da devandita empresa, mais coñecida polo seu nome Hiperxel, compañía que leva dedicándose desde máis de trinta anos ao comercio de produtos conxelados. A compañía está a atravesar dificultades na súa tesourería, polo que non é capaz de abonar os salarios do persoal en tempo, arrastrando atrasos nos pagos tanto a empresas provedoras (coa problemática da falta de mercadoría nas tendas que isto carexa) como ás persoas traballadoras.

O persoal atópase nunha situación de incerteza máxima, non tendo información clara e fiable por parte da empresa, mais alá de comunicados onde se mostra unha intención de reflote pero sen dar ningún tipo de garantía, manifestando neles que a

situación está a piques de arraxarse, pedindo un esforzo extra a un persoal que a día de hoxe xa non ten nin esforzo nin ánimo que ofrecer á empresa, máis aínda cando non se lles da información fiable e suficiente.

A compañía viuse inmersa en varios cambios de titularidade pertencendo ao grupo empresarial IBERCONSA, a día de hoxe XELDIST CONXELADOS SLU foi adquirida polo grupo VINOVA en xullo de 2021, grupo no cal están integrada a marca comercial CONXELADOS CIES. Tras uns meses de adaptación á nova situación empresarial, en abril do presente ano comezou a situación de atraso nas nóminas e falta de mercadoría nas tendas.



“Non podemos mais que seguir indo traballar sen saber cando cobraremos ou cando e como finalizará esta situación pola que estamos a atravesar”, afirman os traballadores.

Actualmente, estanse valorando as accións a emprender para tratar de frear as consecuencias negativas da situación e darlle a máxima difusión posible.

AS TRABALLADORAS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR MANIFÉSTANSE EN SANTIAGO PARA DENUNCIAR A PRECARIIDADE DO SECTOR

Redacción.- As traballadoras do servizo de axuda no fogar de Galicia manifestáronse este xoves en Santiago para denunciar a precariedade do sector

Javier Martínez (UGT Servizos Públicos Galicia) apuntou directamente á Xunta, concretamente a Política Social, porque se está a falar dun servizo público e esta Consellería está obrigada a velar porque este se cumpra en condicións de calidade e dignidade para os seus usuarios pero tamén para os seus traballadores e traballadoras.

A Inspección tampouco está a facer ben a súa labor neste sector e tamén denunciou a actitude dos concellos que, pola súa compracencia, están a permitir situacións xa insostibles para as traballadoras que están inmersas completamente na pre-

cariedade, en canto a xornadas, salarios e no relativo a todo o conxunto das súas condicións laborais.

Hai moitas traballadoras con só o 25% da xornada, o que supón 10 horas á semana; dúas horas ao día, con xornada de mañá e tarde, o que lles obriga a estar todo o día pendentes do traballo para cobrar tan só 260 euros ao mes e nin tan sequera se lles abona a kilometraxe.

Javier Martínez preguntouse como aínda así as administracións queixanse de que non atopan traballadoras para este servizo, algo que se explica facilmente ante a



precariedade do mesmo.

Por todo isto, as traballadoras queren dicir basta xa e demandar condicións dignas para un servizo esencial para a sociedade.

A PATRONAL DE AXENCIAS MARÍTIMAS, CONSIGNATARIAS E EMPRESAS ESTIBADORAS NÉGASE A CUMPRIR O PACTADO EN CONVENIO

Redacción.- Este xoves celebrouse no TSJ de Galicia unha vista para resolver a demanda por conflito colectivo presentada polos sindicatos con representación no Convenio provincial de Axencias Marítimas, Consignatarias e Estibadoras da provincia de Pontevedra.

O conflito prodúcese cando por parte da asociación ACOESPO, que representa á maioría das empresas deste sector, négase a cumprir co estipulado desde fai máis dunha década no texto que regula as condicións de traballo do sector, e que máis concretamente refírese á cláusula de revisión salarial segundo o

IPC do ano anterior.

Como todos os anos, en xaneiro a Administración estatal publica o IPC real resultante do ano anterior e que para 2021 alcanzou o 6,5%. Segundo o pactado por sindicatos e empresas do sector, deberanse regularizar os conceptos salariais do ano anterior ata alcanzar ese valor.

O que supoñía neste caso abonar atrasos desde o 1 de xaneiro de 2021 e actualizar os salarios.

Con todo, ACOESPO negouse a cumprir o pactado e asinado, obrigando aos sindicatos a tomar esta

medida de amparo xudicial, por primeira vez no sector.

Con todo iso, as centrais sindicais confiamos en que a xustiza avale os pactos asinados e resolva a favor das traballadoras e traballadores do sector na provincia.

Dende o sector marítimo portuario de FeSMC UGT Galicia manifestan que «lamentamos ter que chegar ata este punto, pois pode ser un síntoma de que a patronal tomou unha deriva perigosa que podería abocarnos a unha situación de conflito na negociación do convenio dos próximos meses».

OS TRABALLADORES DO COMERCIO DO METAL DE PONTEVEDRA MANIFÉSTANSE EN VIGO POR UN CONVENIO DIGNO

Redacción.- Traballadores do sector do comercio do metal da provincia de Pontevedra manifestáronse este martes en Vigo, como xa fixeran a semana anterior, para reclamar o desbloqueo das negociacións do convenio e rexeitar a proposta da patronal.

Consideran "miserable" a última proposta de convenio achegada polo empresario: vixencia do convenio desde 2020 a 2023, sen incremento salarial nos

dous primeiros anos; para 2022 ofrecen un 6,5% (desde xaneiro e sen revisión salarial) e para 2023 a subida sería do 3% "con revisión salarial topada nun 4%".

A proposta non contempla redución de xornada anual nin outras melloras das condicións laborais.



UGT-FERROL EXPLICOU EN ASEMBLEA AS RECLAMACIÓNS DE IRPF DOS TRABALLADORES QUE ANTES DE 1967 ESTABAN EN ACTIVO E COTIZARON AO SISTEMA DE PREVISIÓN SOCIAL DO MUTUALISMO LABORAL

Redacción.- UGT-Ferrol organizou este mércores na súa sede unha asemblea co fin de informar aos traballadores que con anterioridade ao ano 1967 estaban activos e que cotizaron ao sistema de previsión social do mutualismo laboral, trátase maioritariamente nesta comarca de traballadores de Navantia, por aquel entón Astano, en Fene, e Bazán, en Ferrol, ou Endesa, entre outros. De feito, na asemblea houbo representación de todos os sectores, a través das tres federacións do Sindicato, FICA, FeSMC e Servizos Públicos.

A resolución 00/02469/2020/00/00 ditada polo Tribunal Económico Administrativo Central con data de xullo de 2020, en unificación de criterio sobre a aplicación da Disposición Transitoria Segunda da Lei 35/2006 do IRPF, en relación coas achegas das mutualidades laborais e outras con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1967, establece que estas non foron obxectivo de minoración na base imponible do imposto. Polo tanto, a resolución indica que debe excluírse como rendemento do tra-



ballo o 100% da parte de pensión de xubilación percibida da Seguridade Social corresponden a dita achega.

Xa que isto no seu momento non se fixo así, por erro de feito e interpretación da norma tributaria, e xa que se incluíu o 100% da parte da pensión de xubilación percibida da Seguridade Social correspondente ás achegas anteriores ao 1 de xaneiro de 1967, os afectados poderán

pedir á Axencia Tributaria que sexa rectificada a declaración do IRPF e que se realice unha nova liquidación e que, polo tanto, sexan devoltas as cantidades correspondentes con intereses.

Precisamente, co fin de informar sobre esta situación organizouse esta asemblea e explicóuselle aos afectados como deben proceder se desexan iniciar o proceso de reclamación.

A INTERVENCIÓN DA CE NO MERCADO ELÉCTRICO DEBE REPERCUTIR, CANTO ANTES, NA REDUCIÓN DAS FACTURAS DA CIDADANÍA

Redacción.- ACE deu un novo paso para abordar a crise enerxética propoñendo medidas excepcionais de redución da demanda de electricidade, que contribuirán a reducir o custo da electricidade para os consumidores e adoptou medidas para redistribuír os excedentes de ingresos do sector enerxético aos clientes finais. As propostas autorizarían prezos regulados da electricidade por baixo do custo e ampliarían os prezos regulados para incluír tamén ás pequenas e medianas empresas.

UGT esixe solucións urxentes á crise enerxética pois a situación nos fogares é actualmente insostible.

Por iso, valora a intervención urxente da CE, aínda que considera que as medidas aínda tardarán en ser unha realidade para a cidadanía europea, polo que esixe unha actuación decidida para a implementación rápida por parte dos Estados Membros e medidas sociais para evitar a quebra dos fogares, compensando de maneira real os sobrecostos soportados.

Estas medidas son a continuación das que se acordaron anteriormente sobre o en-

chido do almacenamento de gas e a redución da demanda de gas para prepararse de fronte ao próximo inverno. A Comisión tamén segue traballando para mellorar a liquidez dos operadores do mercado, reducir o prezo do gas e reformar a configuración do mercado da electricidade a longo prazo. En síntese, as medidas adoptadas son:

Reducir a demanda, obrigación de reducir o consumo de electricidade en polo menos un 5% durante as horas de prezo máximo seleccionadas. Solicitarase aos Estados membros que identifiquen o 10% das horas co prezo máis alto previsto e reduzan a demanda durante esas horas de prezo máximo. A Comisión tamén propón que os Estados membros se fixen como obxectivo reducir a demanda global de electricidade en polo menos un 10% ata o 31 de marzo de 2023.

Tope temporal de ingresos para os chamados produtores «inframarginais» de electricidade, é dicir, tecnoloxías con custos máis baixos (enerxías renovables, enerxía nuclear e lignito.). Proponse fixar o tope máximo dos ingresos en 180 EUR/MWh. Isto permitirá aos produtores cubrir os seus custos de investi-

mento e funcionamento sen prexudicar o investimento en novas capacidades.

Contribución solidaria temporal sobre os beneficios extraordinarios xerados por actividades nos sectores do petróleo, o gas, o carbón e a refinaría que non están cubertos polo tope máximo dos ingresos inframarginais. Os Estados membros recadarían os ingresos e reorientaríanos aos consumidores de enerxía, en particular aos fogares vulnerables, as empresas gravemente afectadas e as industrias con gran consumo de enerxía.

UGT é pioneira na defensa dunha reforma urxente e profunda do mercado eléctrico que permita prezos máis alcanzables e competitivos, un elemento fundamental non só para as economías domésticas, senón tamén para a nosa industria e o cambio de modelo produtivo que necesitamos. O sindicato considera fundamental a aceleración do proceso dunha transición ecolóxica xusta pois axudaría a baixar o prezo da enerxía e, neste caso, o hidróxeno renovable, para facilitar o actual proceso de transformación industrial. Isto podería converter a España nun hub europeo deste tipo de enerxía.

É IMPRESCINDIBLE BLINDAR OS DEREITOS LABORAIS ANTE A NOVA REALIDADE DIXITAL

Redacción.- O vicesecretario xeral de Política Sindical de UGT, Mariano Hoya, inaugurou unha xornada do sindicato sobre algoritmos laborais e plataformas dixitais

Unha xornada na que se analizou de primeira man a algoritmia, a Intelixencia Artificial e o Big data aplicados ao mundo do traballo; o tratamento xurídico dos mesmos

e como solicitar información sobre o seu funcionamento nas empresas; e, finalmente, como reclamar os dereitos das persoas traballadoras en termos de información, trato igualitario e non discriminación, así como na repartición xusta dos beneficios que nos achega a tecnoloxía.

Durante a inauguración, Mariano Hoya

lembrou que “hai persoas que sinalan que a transformación dixital traerá perda de dereitos para os traballadores e traballadoras, con empregos precarios, moitas horas de traballo e salarios baixos”, pero “traballamos e seguiremolo facendo para que isto non ocorra. Imos loitar para blindar os dereitos dos empregados e empregadas ante a nova realidade económica e dixital”.

HAI QUE POÑER FIN Á LACRA DAS MORTES NO TRABALLO

Redacción.- 475 persoas faleceron ata xullo de 2022 con motivo do seu traballo, 69 máis que no mesmo período do ano anterior (17%), segundo os datos de avance de accidentes de traballo publicados polo Ministerio de Traballo e Economía Social

Un aumento que está marcado por infartos e derrames cerebrais (21,6%), por atrapamentos e esmagamentos (28,8%) e por mortes in itinere (15,6%). Ademais, producíronse 682.355 accidentes de traballo, dos que 362.993 accidentes laborais causaron a baixa laboral do traballador (aumentando este dato nun 14,4%) e 319.362 non produciron incapacidade temporal (experimentando un aumento do 0,5%).

Para UGT, é imprescindible que o Goberno actúe e acabe con este goteo incesante de mortes de persoas traballadoras, impulsando unha mesa de diálogo social en materia de sinistralidade laboral para acordar medidas urxentes que poñan fin a esta situación. A través desta mesa, débese articular un Plan de choque contra a sinistralidade laboral de forma inmediata, no que non poden faltar accións para mellorar a xestión preventiva dos riscos psicosociais de orixe laboral, xa que a primeira causa de morte por accidente de traballo son os infartos e derrames cerebrais, patoloxías que poden estar relacionadas coa exposición a estes riscos.



Ademais, o sindicato reclama a creación dunha figura a nivel estatal, similar ao delegado e delegada de prevención territorial. Esta figura axudaría a mellorar as condicións de seguridade e saúde no traballo; e dotar á Inspección de Traballo de maiores recursos, tanto humanos como materiais, para vixiar e controlar o cumprimento da normativa en materia de prevención de riscos laborais.

Datos de interese

Os datos de accidentes de traballo ata xullo de 2022 publicados polo Goberno reflicten que, neste mes, producíronse 66 accidentes laborais causados pola exposición a calor, dos que dous foron mortais, dado que durante o devandito mes produciuse a onda de calor máis intensa, máis extensa e a segunda máis longa desde que hai rexistros. Du-

rante os sete primeiros meses de 2022 producíronse 107 accidentes laborais deste tipo.

Desde UGT, solicitamos ao Ministerio de Traballo e Economía Social unha mellora na estatística de accidentes de traballo para facer un seguimento máis exhaustivo dos accidentes por golpes de calor debida a que os efectos do cambio climático cada vez son máis evidentes en forma de altas temperaturas durante períodos prolongados.

Doutra banda, a DXT atribuíu recentemente o aumento de mortos na estrada ás ondas de calor. Durante o mes de xullo producíronse 25 mortes por accidentes laborais de tráfico, e desde xaneiro ata xullo acumuláronse 128 mortes por esta causa, das que 50 ocorreron en xornada laboral e 78 foron in itinere.

UGT INSTA A SOLUCIONAR XA O ATASCO XUDICIAL QUE AFECTA AOS DEREITOS DOS TRABALLADORES/AS

Redacción.- UGT elaborou un informe sobre a situación da xurisdición social en España no que se constata que na actualidade unha boa parte dos xulgados do social están a sinalar en 2023-2024 e unha parte significativa en 2025, existindo casos límite, que están a sinalar en 2026. Na gran maioría non se respectan adecuadamente as prioridades de sinalización e resolución dos litixios. Se engadimos, o tempo de resolución da suplicación e, no seu caso, da casación unificadora, podemos concluir que a resposta xudicial á demanda social de xustiza, especialmente en materia colectiva, deixou de ser eficiente e perdeu, conseguintemente, o seu prestixio e boa parte da súa utilidade para a resolución destes conflitos. A media da sinalización para xuízo en España vaise alongando ata 6 meses e a dos ordinarios ata os 11 meses. Estes incumprimentos dos prazos legais menoscaban o dereito á protección xudicial das persoas traballadoras.

O sindicato insta a adoptar medidas urxentes para solucionar esta situación e lembra que é necesario recuperar a regulación dos salarios de tramitación, previa á reforma laboral imposta en 2012 polo Goberno do PP. Por iso, UGT mostra a súa preocupación pola parálise do Consello Xeral do Poder Xudicial, pois esta situación repercute tamén nas persoas traballadoras. Gran parte dos conflitos laborais terminanse dirimindo nos xulgados do social e aquelas cuestións da reforma laboral susceptibles de interpretación van terminar sendo unificadas polo Tribunal Supremo. Así, coa parálise do

CXPX a reforma laboral chegará ao Supremo para 2028. É dicir, os prazos de resolución dos xulgados do social (xa de seu moi longos) poden alongarse un ano máis se hai recurso ao Tribunal Superior de Xustiza e 2 anos se vai ao Supremo, isto é ata 2028.

Segundo o informe de UGT, a sinalización para xuízo de procedementos urxentes alóngase ata 6 meses, mentres que a duración media de procedementos ordinarios cífrase en 11 meses. Ademais, hai unha gran diferenza dos prazos entre unhas comunidades autónomas e outras, e mesmo entre provincias., independentemente da súa poboación. A maior duración para a citación a xuízo de procedementos prodúcese en Andalucía pero tamén en Baleares e Murcia.

UGT denuncia que os atrasos na resolución dos procedementos estean a alongarse ata situacións non aceptables nun Estado democrático. Para solucionar isto, propón varias medidas, entre elas:

Aprobar o Proxecto Lei de Eficiencia Procesual do Servizo Público de Xustiza, con obxecto de mellorar este servizo público esencial e reducir os tempos dos procedementos.

Aumentar o número de recursos materiais e humanos da Administración de Xustiza.

Incrementar as posibilidades de ditar



sentenzas «in voce» ou orais e a creación de máis tribunais de instancia e oficinas xudiciais dixitais.

E que, unha vez que se renove, o Consello Xeral do Poder Xudicial fomente e vivixie a tutela xudicial social para que chegue efectivamente ás persoas traballadoras e ás empresas.

Así mesmo, UGT lembra a súa demanda de recuperar a regulación dos salarios de tramitación, previa á reforma laboral imposta polo Goberno do Partido Popular en 2012, porque iso axudaría a que os traballadores/as poidan obter unha reparación material das dilacións indebidas que se produzan nos xulgados e non teñan que soportar un menor peso de negociación en conciliacións e mediacións previas.

O sindicato defende impulsar os medios de solución de conflitos extraxudiciais, como forma de alcanzar unha pronta solución aos conflitos evitando a súa excesiva xudicialización. Algo que deben promover as administracións públicas.

UGT RECLAMA QUE OS PRESUPOSTOS DE 2023 SE ORIENTEN A GARANTIR A CALIDADE DA ATENCIÓN DA DEPENDENCIA

Redacción.- En xaneiro de 2021 alcanzouse un Acordo de diálogo social para a posta en marcha dun plan de choque para reactivar a implantación do sistema de dependencia entre 2021 e 2023. Este acordo comprometía ao Goberno central a incrementar o financiamento estatal do sistema de dependencia en 600 millóns de euros anuais acumulables nos exercicios sucesivos, vinculando este incremento de transferencias ás comunidades autónomas ao cumprimento dunha serie de estándares de calidade na atención.

Froito deste acordo, durante o ano 2021 e 2022 o Estado central cumpriu o seu compromiso e incrementouse a súa achega ao sistema de dependencia en 1.200 millóns de euros adicionais aos que se transferiron no ano 2020, estando comprometido alcanzar 1.800 millóns de financiamento

adicional nos PXE 2023. Con todo, ata o de agora, esta mellora non se traduciu nin nunha mellora significativa da lista de espera, nin tampouco da calidade do emprego dos servizos. Tras 15 anos da posta en marcha do sistema de dependencia, 1 de cada 5 persoas están en situación de dependencia e continúa á espera dunha prestación efectiva. E o acordo de acreditación de centros e servizos, aprobado recentemente, nin incluíu medidas que melloren a calidade do emprego, nin conseguiu o nivel de respaldo das comunidades autónomas que esixe unha norma tan importante como esta.

Ademais de todo iso, continúan en vigor os recortes impostos en 2012 en relación á intensidade dos servizos e prestacións, o que ameaza gravemente o nivel de suficiencia co que se atende ás persoas bene-

ficiarias. Tamén a reversión destes recortes formaba parte do Acordo de diálogo social do plan de choque.

A xuízo de UGT, para revertir esta situación resulta imprescindible que o Goberno central culmine o compromiso adquirido no marco do diálogo social e nos PXE-2023 incremente 1.800 millóns de euros adicionais aos orzados en 2022 e estableza uns criterios de repartición coas comunidades autónomas que garantan realmente a atención da lista de espera e a calidade dos servizos, así como que reverta a totalidade dos recortes nas prestacións impostos en 2012 que continúan viventes. UGT tamén reclama ás comunidades autónomas que incrementen os seus respectivos orzamentos para o ano 2023 co mesmo obxectivo de calidade.